

Resolución reitoral do 28 de abril de 2026, pola que se acorda a ampliación do número de bolsas no procedemento regulado pola Resolución reitoral do 10 de febreiro de 2026, en que se establecen as bases reguladoras e se convocan, para o curso 2026/27, as axudas Santander Erasmus e Non Erasmus da Universidade da Coruña

Mediante a Resolución reitoral de 10 de febreiro de 2026 establecéronse as bases reguladoras do Programa de Bolsas Santander Erasmus e Non Erasmus, para o curso 2026/27. O proceso de selección do estudantado, que rematou o 16 de marzo, financia un total de 42 estudantes cunha bolsa individual de 1.000 euros (42.000 euros totais).

Ao existir remanentes económicos doutros programas de axudas financiadas polo Banco Santander, solicítase e autorízase o aumento da dotación orzamentaria do Programa de Bolsas Santander Erasmus e Non Erasmus en 18.000 euros (18 bolsas a maiores), sen que este aumento supoña un prexuízo para terceiras persoas.

A presente resolución non implica unha ampliación do período de solicitude.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos nas bases reguladoras da resolución do 10 de febreiro de 2026,

RESOLVO

Primeiro. Ampliar o número de bolsas

Modifícase o punto 1 do artigo 3 da Resolución reitoral do 10 de febreiro de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas Santander Erasmus e Non Erasmus e se procede á súa convocatoria para o curso 2026/27, e amplíase o número de bolsas a sesenta (dezaioito bolsas a maiores) tras a publicación desta modificación no TEO da UDC:

1. Convócanse un total de sesenta bolsas Santander Erasmus por un importe total de 60.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 0402250005 422D 48000. As axudas distribúense do seguinte xeito:

- a) Cincuenta e seis bolsas por importe de 1.000 euros cada unha para mobilidades Erasmus+ KA131 con fins de estudos.*
- b) Catro bolsas por un importe de 1.000 euros para mobilidades Erasmus+ KA131 con fins de prácticas.*

En caso de que non haxa candidaturas na categoría prácticas, os fondos poderanse destinar á categoría de estudos.

Segundo. Darlle publicidade á ampliación do número de bolsas

Publícase esta resolución no TEO da UDC para os efectos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización